

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 7 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de ampliación de matadoiro, mediante planta de biogás máis sistema combinado de DAF e humidais, no concello de Silleda (Pontevedra) (expediente 2021/0084).*

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental, formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 5 de abril de 2022, do proxecto de ampliación de matadoiro, mediante planta de biogás máis sistema combinado de DAF e humidais, no concello de Silleda (Pontevedra), promovido por Frigoríficos Bandeira, S.L.

A devandita declaración poderase consultar na ligazón <https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: tavydlm7-v9g8-sz90-5k65-wr1isyshba3

